

Teatro e xornalismo

Contra mediados deste mes de novembro váise celebrar no Pazo de Mariñán un coloquio sobre “Literatura e xornalismo”, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e coa dirección de Luciano Rodríguez, un profesor da Universidade da Coruña que traballa arreo para crear marcos de debate e deliberación arredor da cultura galega e da súa proxección social, para potencialas e melloralas. No encontro participará un grupo moi significativo de persoas vinculadas aos eidos da creación e dos estudos literarios, desde María Xosé Queizán ata Xosé Ramón Pena, director deste suplemento.

As relacións entre teatro e xornalismo constitúen un ámbito igualmente apaixonante, no que destaca a cuestión, sempre candente, da crítica teatral, que noutros momentos da nosa historia e noutros países da nosa área xeográfica ou cultural constitúe un espazo cheo de vida e no que a miúdo se suscitan interesantes debates e controversias relativas a aspectos estéticos, temáticos ou mesmo morais dos espectáculos escénicos. Algúns xornais de Inglaterra, por exemplo, teñen acollido interesantes controversias, como as que, na segunda metade do século XX, suscitaron as presentacións de espectáculos con textos de autores tal que Eugene Ionesco, Harold Pinter, Edward Bond, Joe Orton ou Sarah Kane. Sen esquecer, por suposto, as polémicas desatadas polas adaptacións que Peter Brook realizou con autores clásicos como William Shakespeare ou por irrupcións máis recentes como a do grupo catalán La Fura dels Baus.

Da crítica teatral, da formación dos críticos e da proxección do seu exercicio profesional, ocúpase a Asociación Internacional de Críticos de Teatro. Aínda que as súas orixes se remontan a 1926, a AICT naceu en xuño de 1956 en París, nun encontro no que participaron críticos procedentes de diferentes países de Europa e América e que nos anos seguintes foron construíndo a estrutura organizativa e os estatutos dunha asociación que desde aquela vén facendo un incesante labor de apoio e difusión das artes escénicas en xeral e do teatro en particular. A AICT agrupa seccións nacionais de máis de 50 países e de

A propósito da crítica teatral



MANUEL F. VIEITES

todo o mundo nas que se censan cerca dun millar de persoas que dunha maneira ou doutra exercen a análise e a crítica de espectáculos nos máis diversos medios. Na actualidade preside a asociación Ian Herbert, director da prestixiosa revista *Theatre Record*, unha publicación de periodicidade quincenal certamente singular pois recolle as crónicas e críticas de espectáculos teatrais que se publican en Gran Bretaña, o que dá unha idea da vitalidade do teatro e da súa crítica nese país. Ocupa a secretaría da asociación Michel Vaïs, xefe de redacción de JEU, *Cahiers de Théâtre*, unha revista editada en francés e en Montreal e que tamén constitúe unha referencia non só no que afecta ao teatro francófono das Américas, senón en cuestións máis xenéricas relativas á teoría e á práctica das artes escénicas. Ademais de profesor en diversas universidades, como a prestixiosa McGill de Montreal, Vaïs vén exercendo a crítica teatral en varios xornais e nou-

tros medios de comunicación como a radio.

Nos pasados días o Comité Executivo da AICT celebrou unha reunión en Reus para programar as actividades do próximo ano, no que a asociación celebra o seu cincuenta aniversario. Con tal motivo vanse celebrar dous congresos. O primeiro en Turín, a primeiros de marzo, onde se analizará a situación actual da crítica teatral a partir dun lema en forma de pregunta sumamente provocadora e inquietante: “A fin da crítica?”. O segundo congreso terá lugar en Seul, en setembro de 2006, para considerar o plan estratéxico de traballo para os próximos anos. Nos dous congresos, destacadas figuras da crítica teatral presentarán relatorios relativos á necesidade de procurar novos modelos, espazos e finalidades para unha actividade fundamental no desenvolvemento do sistema teatral, unha cuestión que cobra especial relevo en países como Galicia, onde tantas cousas quedan por facer.

De todo canto queda por facer en Galicia, tomamos conciencia en Reus, onde se celebrou a dita xuntanza. Unha cidade de arredor de cen mil habitantes, onde atopamos dous teatros, o “Fortuny” e o “Bartrina”, que contan cunha programación estable, de moi alta calidade e sumamente variada, sen esquecer outros espazos escénicos ben atractivos. En Reus tamén se celebra o Festival Internacional de Mimo e Teatro Xestual, que, só a dirección de Lluís Graells, se está a converter nunha referencia europea no eido de vellos e novos xéneros escénicos que están a coller un considerable pulo a medida que aparecen e se desenvolven novas formas de espectacularidade, como as que exploran compañías como Le Cirque du Soleil. Por iso sería tan importante que iniciativas similares que tamén se están tentando potenciar en Galicia contasen cunha maior implicación de institucións públicas e patrocinios privados. En todos os campos anteditos.

A crítica en Galicia

Falando de crítica, non podemos deixar de salientar a publicación do estudo *Teatro e canonización. A crítica teatral na prensa periódica galega*, do que é autora Inma López Silva e que nos ofrece a Editorial Tris-Tram, que se especializa en edición de textos dramáticos e estudos escénicos, unha empresa e un empeño que non podemos deixar de agradecer. O estudo céntrase no período comprendido entre os anos 1990 e 2000, un decenio no que a creación escénica galega coñece un gran desenvolvemento, logo de que nos anos oitenta tivese lugar un proceso de asentamento definitivo do exercicio profesional de signo teatral. En boa medida, o traballo tamén contén unha historia do teatro galego dos últimos decenios que se conforma cos relatos dese discurso crítico e na súa peripecia.

Consta o volume de dúas partes moi ben pensadas, dispostas e relacionadas. A primeira delas, que ten un carácter máis teórico, tenta definir o campo de estudo e considerar instrumentos posibles na súa análise. E nesa dirección preséntanse interesantes consideracións a respecto das teorías do canon, das teorías da crítica ou da configuración do sistema teatral galego. Nos tres casos, Inma López Silva, debulla con verdadeira precisión unha mancha de conceptos e enfoques que permiten ter unha visión moi ampla das diversas posicións teóricas e metodolóxicas que podemos atopar en cada un dos catro campos, para despois formular e defender, con verdadeira paixón, a súa propia posición. Con todo, hai momentos en que a vehemencia da mocidade fai que se perdan de vista certas perspectivas como a cronolóxica, para saber onde hai que situar os discursos e as achegas de cada quen, ou para recoñecer e mostrar as fontes onde nacen algunhas propostas de análise.

Na segunda parte, analízase o discurso daquelas persoas que se teñen ocupado da análise e comentario de espectáculos nos xornais máis importantes de Galicia. E faise cunha fondura realmente destacable, se ben o feito de que a autora tamén exerza a crítica teatral con relativa frecuencia acaba por tinguir cunha certa subxectividade as súas consideracións.

Máis estamos ante un traballo certamente transcendental para o desenvolvemento dos estudos teatrais en Galicia, escrito por unha escritora e investigadora cunha sólida formación académica. Os nosos parabéns.

